

Información da 11ª e 12ª mesa negociadora do XV convenio no sector da discapacidade

Asínase un segundo preacordo máis regresivo en materia de dereitos laborais e salariais

Tanto CCOO como UGT volven ceder ante as presións das patronais asinando un II preacordo á baixa en dereitos laborais e salariais. Unha vez máis danlle as costas aos traballadores/as e semellan ter urxencia por rematar as negociacións e asinar rápido, en vez de loitar por dignificar o convenio; pois non aceptaron nin colaboraron en absoluto en conseguir sacar adiante ningunha das propostas de mellora das levadas pola CIG-Ensino.

Con este II preacordo asinado o **luns 21 de xaneiro** (co ultimato do dúo AEDIS e FEACEM) empeórase o 1º e sáelles a xogada perfecta ás patronais, pois modifica recortando o seguinte:

1º - CLASIFICACIÓN PROFESIONAL E PROPOSTA SALARIAL. Mentres a proposta de clasificación profesional segue igual, a proposta salarial non:

- Estas táboas serán de aplicación para **centros especiais de emprego, centros de atención especializada e centros educativos sen concerto.** Antes recollíase nos concertados ao persoal complementario auxiliar e PAS, agora non. Estes rexeranse polos módulos concertados aprobados nos PXE (Presupostos Xerais do Estado) cunha pequena “mellora” para os coidadores e os Auxiliares Técnicos Educativos. Aos primeiros aplicaráselles estas subas até o 2021 e posteriormente rexeranse polos PXE; aos segundos aplicaráselles estas táboas sempre que sexan requiridos e pagados pola administración e teñan “titulación”.

- **Rebaixa dos salarios base dos Grao+Máster, Técnico Auxiliar e Operario.**

- **Mantense a perda da antigüidade** cos 2 últimos “trienios” N1 e N2. O N1 absorbe o antigo CDP ata o 5,6%; en vez do 7,5% que venden, **a suba real será só do 1,9%.**

- Estas subas **seguen sen recuperar IPC perdido no XIV convenio nin as futuras revisións o garanten** (5,2% de 2012-2016 + 2,3% de 2017-18).

		TÁBOAS SALARIAIS 2019-2020-2021			/ TÁBOAS 2022	
GRUPO	SALARIO DE ENTRADA	CD N1	SB+N1	CD N2	SALARIO DE REFERENCIA GRUPO SB+N1+N2	
		7,50%		5,50%		
Grao + Máster	1.750,00€	131,25	1.881,25	96,25	1.977,50	
Grao	1.330,00€	99,75 €	1.429,75 €	73,15 €	1.502,90 €	
Técnico Superior	1.225,00 €	91,88 €	1.316,88 €	67,38 €	1.384,25 €	
Técnico	990,00 €	74,25 €	1.064,25 €	54,45 €	1.118,70 €	
Auxiliar Técnico						
	2019	900,00 €	67,50 €	967,50 €	49,50 €	1.017,00 €
	2020	900,00 €	67,50 €	967,50 €	49,50 €	1.017,00 €
	2021	930,00 €	69,75 €	999,75 €	51,15 €	1.050,90 €
Operario (*)						
	2019	737,00 €	55,28 €	792,28 €	40,54 €	832,81 €
	2020	774,00 €	58,05 €	832,05 €	42,57 €	874,62 €
	2021	800,00 €	58,05 €	858,05 €	42,57 €	900,62 €

(*) **Procederá establecer un complemento para chegar aos 900€ do SMI que será absorbíbel.** Isto na práctica significará que teñan o salario conxelado ante posibles subas futuras. A quen cobre antigüidade ou outros conceptos salariais restaráselle o complemento ata cobrar os 900€ por lei.

2º - XORNADA LABORAL (Empeoramento da redución anual nos CEE e Educativos)

Nos **centros especiais de emprego**, a **redución de 1.758h a 1.720 farase de forma progresiva**, pois no 2019 serán 1.750, no 2020 serán 1.740 e no 2021 serán as 1.720. Antes toda no 2019, e xa era mísera, pois a xornada anual está inflada segundo a máx. semanal. Nos **centros educativos**, o **persoal complementario titulado e auxiliar pasará de 1.600h a 1.575h en 2019, a 1.560 en 2020; e no 2021 pasará a 1.545h anuais, cando antes eran a 1.525 e en menos tempo**). Por que non aplicamos aquí o convenio da concertada para todos/as ao igual que se fai nas I.T. e en futuras revisións salariais?

3º - PERMISOS RETRIBUÍDOS (Mínima mellora co reivindicado polo colectivo)

No **novo permiso para visitas médicas e titorías escolares pásase na bolsa de 16h laborais anuais a 20h**. Nas nosas reivindicacións incluíase mínimo recuperar os 6 días de asuntos propios.

4º - I.T. (INCAPACIDADE TEMPORAL (Empeoramento nos centros educativos)

Nos centros educativos recóllese a redacción do VI convenio da concertada no sentido de que **os traballadores/as docentes cobrarán o 100% das I.T. se as paga a administración**, o que era un dereito seguro do traballador/a. Agora queda "**á vontade da administración**". Os demais traballadores/as terán cuberto o 100% durante os 3 primeiros meses. Séguense sen recuperar os dereitos do XIII convenio para o resto de traballadores/as.

5º - OUTROS ACORDOS:

- A acumulación das horas de lactancia fixadas en 20 días no 1º preacordo. Agora aparece redactado "a negociar entre as partes". (Empeoramento...)
- Os complementos de algúns postos de traballo ou categorías terán unha cláusula de garantía, e

serán revisables coas subas ao igual co salario. (Xa estaba negociado así)

- Introdúcese unha cláusula de inaplicación salarial, que a resolverá a Comisión paritaria, é dicir, os asinantes do convenio. (Claro entreguismo e paso atrás)
- Regularase a posibilidade de que o persoal poida traballar nos 3 tipos de centros, ou sexa máis mobilidade funcional para os traballadores/as e flexibilidade ás patronais. (Empeoramento)
- Crearase unha Comisión para estudar novas posibles categorías profesionais. (??)
- Os/as maiores de 55 anos terán a prioridade de acceder a postos de promoción interna en caso de empate na disputa destes postos. (Nós reivindicabamos redución xornada)
- Créase un novo complemento de perigosidade de 20€ por mes traballado (máximo 220 €/ano) sempre que se traballe en centros asistenciais e se "atenda a persoal recoñecido pola administración con trastorno da conduta". (O pagador debe recoñecelo!)
- Traballadoras vítimas de violencia de xénero optarán a 3 meses de adianto do soldo.
- Por nacemento de fillo/a ou adopción o traballador/a cobrará 150€ (300€ se é discapacitado/a)

Vistas as nulas negociacións a nivel estatal, por patronais que actúan como "empresas privadas" no canto de "asociacións" e sindicatos estatais entregados e pactistas, desde a CIG-Ensino seguiremos loitando por un marco galego de negociacións, como a única vía real de dignificación dos dereitos laborais e salariais do sector, con quen ten as competencias (a Xunta) e coas patronais galegas. Defendemos a participación dos traballadores/as do sector nas negociacións, evitando que as cúpulas dos sindicatos estatais vos suplanten e decidan por vós.

Para iso temos que seguir sendo maioritarios en Galiza. Apoia o noso modelo sindical e preséntate ás eleccións pola CIG-Ensino!

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal